



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A FUNDACIÓN CLÚSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO ENERXÉTICO DO SECTOR DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA HORIZONTE 2020

En Santiago de Compostela, a 23 de abril de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Bernardo Tahoces, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, en adiante **Inega**, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15703- Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 235/2012, do 5 de decembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

De outra D. Alberto de Cominges Barreiro-Meiro con NIF 36.115.310-C en representación da Fundación Clúster de Empresas Automoción de Galicia, en adiante **CEAGA**, con domicilio social na Avenida Citroën 3 y 5, Edificio Zona Franca, 1ª Planta, 36210 de Vigo, con C.I.F. G-36983575, actuando en calidade de apoderado, según consta na escritura autorizada polo Notario de Vigo D. José María Rueda Pérez en fecha 8 de maio de 2012, co número 696 do seu protocolo.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- Que CEAGA é unha fundación que promove proxectos cooperativos de alto impacto para mellorar a competitividade das empresas da industria de automoción de Galicia.

CEAGA agrupa a todo o sector de automoción: a fabricantes, ó centro de Vigo do Grupo PSA, a máis de 100 empresas de compoñentes e servizos de apoio e o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG).

CEAGA figura no rexistro de Agrupacións Empresariais Innovadoras (AEI) do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, executando iniciativas de alto valor estratéxico; desenvolve a súa actividade no marco da Política de Clúster da Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

No ámbito internacional, CEAGA é o primeiro Clúster de automoción de Europa que conta coa acreditación “Gold Label” de excelencia de organizacións clúster, outorgada pola Secretaría Europea de Análises de Clúster (ESCA).

A Fundación CEAGA ten por obxecto mellorar os seguintes aspectos:

- Competitividade en calidade e custes
- Flexibilidade da adaptación ós cambios de mercado
- Innovación e capacidade tecnolóxica
- Desenvolvemento do tecido industrial
- Cooperación sectorial
- Desenvolvemento integral das persoas
- Compromiso rexional

Terceiro.- Nunha clara aposta do Inega e CEAGA polo aproveitamento de novas fontes de enerxía renovables e polo aforro e eficiencia enerxética vaise a realizar un estudo da situación enerxética actual do sector de Automoción e das accións que deben implementarse a partir das conclusións do estudo.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

A finalidade de este convenio é establecer as condicións da colaboración entre o Inega e CEAGA para a elaboración dun Estudo Enerxético do Sector de Automoción de Galicia



que recolla o contexto enerxético actual das empresas do sector, así como as actuacións que aí que levar a cabo a curto, medio e longo prazo para facer máis sostible dita variable nas empresas.

Segunda. Alcance do proxecto.

O estudo céntrase nas empresas que forman parte do Sector de Automoción de Galicia.

Os aspectos a tratar neste estudo son os seguintes:

- 1.1.** Lexislación rexional, nacional e internacional, no ámbito da enerxía.
- 1.2.** Boas prácticas noutras rexións e países.
- 1.3.** Fontes de enerxía: estudar o uso actual das fontes de enerxía e propoñer melloras na súa utilización e consumo:
 - 1.3.1.** Electricidade:
 - Facturación de enerxía (consumos, tarifas e potencias contratadas, compras por volume de enerxía, acceso ao mercado,...).
 - Análise da viabilidade de repotenciación das tensións de subministración co obxectivo de reducir os custos das tarifas de acceso contratadas.
 - Análise da posibilidade de modificar as peaxes de acceso e cuantificar os custos dos investimentos asociados así como os aforros económicos que se conseguirían con esta medida.
 - 1.3.2.** Gas:
 - Xeorreferenciar as redes de subministración de gas (gráfica e alfanumérica) e as empresas de CEAGA.
 - Cuantificar os consumos térmicos que teñen na actualidade as empresas diferenciando os tipos de combustibles.
 - Analizar a viabilidade técnico-económica de ampliar as redes de gas para subministrar esta fonte enerxética ás empresas de CEAGA e substituír ós derivados do petróleo como enerxía final.
 - Cuantificar a redución de gases de efecto invernadoiro que se conseguiría co cambio de combustible térmico.
 - 1.3.3.** Uso de enerxías renovables:
 - Uso actual de enerxías renovables.
 - Posibilidade de utilizar enerxías renovables asociadas ao autoconsumo, analizando a súa viabilidade técnica e económica.
 - Estudo da utilización de celdas enerxéticas para almacenar enerxía.
- 1.4.** Uso de novas tecnoloxías no uso e consumo da enerxía (electricidade 4.0).
- 1.5.** Identificación de proxectos demostrativos para a súa posible realización no futuro

co apoio da administración, que permitan analizar a viabilidade técnica e económica de novas tecnoloxías que contribúan a reducir os consumos enerxéticos e que podan realizarse no sector.

Terceira. Compromisos de CEAGA

1. Analizar o consumo enerxético no sector de automoción de Galicia.
2. Recompilar a información e datos cuantitativos (número de industrias,...) e cualitativos (necesidades térmicas, combustibles utilizados, potencia,...) .
3. Análise dos equipos e experiencias existentes.
4. Visitas técnicas, análise e estudo de viabilidade.
5. Definición de tipoloxías e opción de actuación.
6. Elaboración dun informe final para a súa difusión, no que se indicarán as actividades realizadas ao amparo deste convenio e as conclusións máis salientables.

Cuarta. Compromisos do Inega

1. Facilitar información correspondente as infraestruturas enerxéticas (gas, electricidade...) existentes nas mediacións das empresas do sector de automoción; para iso utilizarase a información do Atlas Enerxético de Galicia.
2. Poñer a disposición de CEAGA a información da que dispón na Base de datos de predignose enerxética, onde figuran os consumos das empresas mais consumidoras de enerxía da nosa Comunidade Autónoma.
3. Achegar 50.000 euros para o financiamento das actuacións.
4. Colaborar no desenvolvemento de aquelas iniciativas vinculadas ao obxecto do convenio para asegurar o seu cumprimento, información e asesoramento.
5. Ter en conta as estatísticas e informes resultantes de este estudo, comunicar as principais conclusións e preparar as accións necesarias para implementar as recomendación do estudo.
4. Calquera outra función que resulte de mutua conveniencia por razón do obxecto do convenio.

Quinta. Financiamento.

O Inega achegará para a realización das actividades previstas no presente convenio a cantidade de 50.000,00€, con cargo a aplicación orzamentaria 09.A2.733A.641.0 do seu orzamento de gastos para o ano 2018.

Sexta. Xustificación e pagamento.

1. A achega feita polo Inega traspasarase a CEAGA en dous pagamentos a realizar do seguinte xeito:

- Unha primeira achega correspondente ao 50 % do orzamento, que se efectuará asinado o convenio.

- Unha segunda achega correspondente ao 50% do orzamento, antes do 28 de decembro de 2018.

O proxecto obxecto deste convenio estará executado e entregado ao Inega antes do día 3 de decembro de 2018.

2. A xustificación consistirá nunha certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi subscrito o presente convenio acompañada das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalentes con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

3. Coa conta xustificativa de gasto CEAGA deberá achegar:

- Unha declaración na que se indique as axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.
- Documento emitido pola entidade bancaria no que conste o número de conta (C.C.C.) a nome do beneficiario.

4. O Inega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxectivo do convenio.

Sétima. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, a súa vixencia rematará o 28 de decembro de 2018.

Non se contempla a posibilidade de prórroga da vixencia do convenio.

Oitava. Contratación

Permítese a subcontratación da totalidade dos traballos recollidos no presente convenio, sempre que se cumpran os requisitos esixidos polo lexislación de contratos das administracións públicas.

novena.- Propiedade Intelectual

A propiedade intelectual e material dos elementos que resulten deste convenio será conxunta do Inega e do CEAGA. A información que se obteña, os resultados das investigacións e o seu alcance poderán ser difundidos con autorización expresa da CEAGA e do Inega, deixando constancia nas publicacións da participación de cada unha delas. En toda a documentación ou documento relacionado co presente convenio producido en forma unilateral, farase constar a colaboración prestada polo outro membro sen que isto signifique responsabilidade algunha, respecto do contido da publicación ou documento.

Decima. Equipo de Traballo

A subscripción do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados de CEAGA que desenvolvan as actividades programadas e o Inega, de tal xeito que non se poderá esixir ao Inega responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeira. Comisión de seguimento

Para o seguimento e cumprimento do presente convenio, designarase, de común acordo entre as partes, unha comisión de seguimento e control formada por dous representante do Inega e dous representantes de CEAGA e que terá como misión:

- Velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.
- Informar e presentar propostas sobre a marcha e necesidades do proxecto e actuacións que se aborden.
- Definir as accións que se deben implementar a partir das conclusións do estudo.
- Resolver as diverxencias que xurdan da interpretación e aplicación do convenio.

Sen prexuízo das funcións da comisión de seguimento, as eventuais controversias que poidan xurdir, serán de competencia e de coñecemento da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décimo segunda. Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio:

- a. O Incumplimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b. O Mutuo acordo entre as partes.
- c. O Transcurso do tempo estipulado sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- d. A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación.
- e. A imposibilidades sobrevida para o cumprimento dos termos do presente acordo.
- f. O incumplimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de un dos asinantes.

Neste caso, unha parte poderá notificar a parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento comunicarase ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio., e en caso de existir, as demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumplimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados.

Décimo terceira. Protección de datos

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 15/1999, de 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolve.



A tal efecto as partes comprométense a non utilizar tales datos de carácter persoal con finalidade distinta á da execución do presente acordo, a non cedelos nin comunicalos baixo ningún concepto a terceiras persoas nin para a súa conservación, e en especial a non reproducir, publicar ou difundir ningunha información acerca deles.

Cada parte responderá dos incumprimentos da normativa de protección de datos de carácter persoal nos que incorra.

Os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito ao Instituto Enerxético de Galicia, con enderezo na rúa Avelino Pousa Antelo, 5 CP 15707, Santiago de Compostela, A Coruña.

Cando o cumprimento do obxecto do presente convenio de colaboración, faga necesario que as partes se comuniquen datos de carácter persoal de terceiros, aquelas deberán obter previamente o consentimento do interesado.

Décimo cuarta.- Publicidade

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude do disposto no parágrafo anterior CEAGA consinte expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

Décimo quinta. Natureza e réxime xurídico

Correspóndelle ó Inega ostentar as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

O presente convenio rexerase polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares; polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio de colaboración en duplicado exemplar, no lugar e data indicado ao comezo.

O director do Inega

O xerente de CEAGA

Ángel Bernardo Tahoces

Alberto de Cominges Barreiro-Meiro